| | |
|---|---|
| **Comunidade Autónoma / Departamento / Estado** | GALICIA |
| **Municipio** | VIGO |
| **Edificio** | Igrexa de San Pedro de Matamá |
| **Dirección** | Rúa dos Canteiros, 95. 36213 |
| | 42.200972 -8.738308 |
| **Protección** | |
| **Descricion** | Templo de planta rectangular con ábsida máis elevada que a nave que presenta cuberta a dúas e catro augas respectivamente. É de estilo neoclásico e foi construída no século XVIII. O elemento máis destacado do edificio é a fachada, de cresteria calada que se dispón sobre os aleiros. Xunto a este elemento sobrancea a cuberta vidrada en cobre do campanario.<br>O resto da fachada dispón dunha porta de acceso central, situada no eixo da composición. Sobre ela un fornelo que acolle unha figura sacral flanqueada por volutas e ocelos calados en forma de cruz. O edificio remátase en altura por medio dun campanario de planta cuadrangular de dous corpos, o inferior balconado.<br>No seu campanario destaca tamén a colocación de fragmentos cerámicos vidrados e coloreados en verde de orientación vertical e horizontal.<br>No interior da igrexa atópase un retablo que pertenceu á Colexiata de Santa María de Vigo.<br>No ano 1913 un raio derrubou o campanario. As obras para a súa reconstrución duraron ata o ano 1915. |
| **Campás** | 3 campás. |
| **Fotos** | 2 |
| **Toques actuais de campás** | |
| **Conservación, mantemento** | |
| **Propostas** | |
| **Autors da documentación** | TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK) |
| **Data** | 28-02-2026 |

## Campás actuais

| Localización | Campá | Fundidor | Ano de fundición | Diámetro (en cm) | Peso |
|---|---|---|---|---|---|
| Torre-campanario | Menor. | ANÓNIMO (GALICIA) | 2001 | 88 | 395 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Torre-campanario | Mediana. | SILVA SANTOS, SIMÃO ANTÓNIO | 1875 | 90 | 422 |
| Torre-campanario | Maior. | FELICIANO | 1870 | 102 | 614 |

Información completa: Igrexa de San Pedro de Matamá - VIGO (GALICIA)

PDF (06-07-2026)